

### II DIÁLOGO DE PINTURA E POESÍA DE CULLEREDO

Mañán venres 24 de abril comeza o **II DIÁLOGO DE PINTURA E POESÍA DE CULLEREDO** coa chegada dos participantes no Hotel Crunia de Fonteculler para de seguido ás 11:30 comezar os Encontros coa presentación no Parque da “Torre de Celas” do concelleiro de Cultura, D. Celestino Poza, os pintores Pedro Bueno e Alfonso Costa, os poetas Miguel Anxo Fernán-Vello e Eva Veiga e os representantes de Caixanova, Manuel Doldán e de Gadisa, Antonio Cortés, patrocinadores do evento.

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza os días 24, 25 e 26 de abril de 2009 o II DIÁLOGO DE PINTURA E POESÍA (V ENCONTROS), coa colaboración de Caixanova e Gadisa, nos que participarán arredor de medio centenar de artistas, pintores e poetas, que veñen dar continuidade a anteriores Encontros entre pintores e poetas que tantos froitos deron, tanto a nivel creativo como humano, mesturando ambas as dúas especialidades artísticas.

Trátase dun Encontro en Culleredo de tres días de duración, onde o feito creativo é obxecto fundamental, así como tamén o intercambio de experiencias e técnicas, realizándose sesións de pintado ao natural, na sesión do venres, no Parque da Torre de Celas, e na sesión do sábado, no Xardín Botánico e o seu entorno; sesións pictóricas que se complementarán con recitais poéticos e musicais.

Este contacto coa rúa e a cidadanía, que poderá disfrutar da mestría dos participantes e un dos obxectivos deste encontro de tres días en Culleredo, por artistas que non sempre teñen a oportunidade de pintar na rúa, ao aire libre máis aló dos seus estudos pictóricos.

De tódolos xeitos o fito creativo é obxectivo fundamental, onde tamén a irmandade entre os artistas, sobradamente recoñecidos, desmontan algún dos mitos sobre a falla de solidariedade e illamento do artista, nun intercambio de experiencias necesario.

Nesta edición, como dicíamos, serán en torno a 50 os artistas, poetas e pintores, chegados dende todos os puntos de Galicia e mesmo do resto do Estado, os que participen nos Diálogos: uns, das novas xeracións, mais xa sobradamente recoñecidos, mesturaranse con artistas consagrados dos máis importantes de Galicia, compartindo todos experiencias nos seus ámbitos.

## CONCELLERÍA DE CULTURA

O domingo os participantes xirarán unha visita ao Acuarium Finisterrae (Casa dos Peixes), na Coruña, onde está instalado, ata decembro, o panel-mural cos 50 cadros da torre de Hércules pintado nos Encontros do pasado ano.

Tamén durante os días do Encontro atópanse expostos na aula da Natureza do Xardín Botánico, os cadros pintados durante o Encontro do pasado ano, destacando unha serie de dez pintores sobre a Cross do Burgo, e tamén cadros conxuntos de outras edicións dos encontros.

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo pretende manter viva esta iniciativa, tan apaixonada e agardada por artistas e creadores, única en Galicia coa presenza de homes e mulleres, do norte e sur do país, poetas, pintores, escultores e acuarelistas que deixarán a súa pegada dos diversos lugares de Culleredo, onde pintarán ao natural entornos tan fermosos como o Paseo Marítimo da ría do Burgo, Xardín Botánico, a torre de Celas e o seu núcleo rural, o monte Xalo, etc., e abertos a compartir esta experiencia artística cos afeccionados e público en xeral que se acheguen a visitarnos.

Sobre a extraordinaria calidade dos participantes basta dicir que participan os pintores: *Alfonso Costa, Pedro Bueno, Antón Sobral, Jano Muñoz, Yolanda Dorda, Emilio Celeiro, Gosia Trebacz, Laureano Vidal, Luisa Valdés, Ramón Astrai.*

Os acuarelistas: *Enrique Ochotorena, Xosé Vázquez Castro, Ismert, Carlos Jimeno, Manuel Gandullo, etc.*

Os escultores: *Soledad Penalta, Ramón Conde, Manuel Patinha, Francisco Escudero.*

Os poetas: *Yolanda Castaño, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo, Eva Veiga, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio Valcarce, Olga Patiño, Carlos Pereira, Pablo Bouza.*

Os fotógrafos: *Luis Gabú e Torrecilla.*

A Concellería de Cultura pola súa extraordinaria traxectoria vital e artística, homenaxeará á escultora Soledad Penalta e aos pintores Alfonso Costa e Pedro Bueno no contexto dos Encontros.

Culleredo, 22 de abril de 2009.  
O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.